

6 ENSINO DO ESPAÑOL A ALUMNOS CHINESES

F.Javier Martín Betanzos. IES Rafael Dieste (A Coruña).

PROCESOS SEGUIDOS DESDE A PERSPECTIVA COGNITIVA E SOCIO-CONSTRUTIVISTA NO ENSINO DO ESPAÑOL A ALUMNOS CHINESES NUN CENTRO DE SECUNDARIA.

NESTE ARTIGO OFRÉCENSE AS CLAVES SOBRE O QUE SE PODE FACER CANDO CHEGAN AO CENTRO ALUMNOS CHINESES QUE DESCOÑECEN TOTALMENTE O NOSO IDIOMA. O AUTOR, FROITO DA SÚA AUTOFORMACIÓN, OFRECE ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DA LINGUA CHINESA QUE SON RELEVANTES PARA A APRENDIZAXE DO ESPAÑOL OU DO GALEGO COMO SEGUNDA LINGUA, PAUTAS PARA DESENVOLVER AS PRIMEIRAS ACTIVIDADES NA AULA DE APOIO ASÍ COMO A ANÁLISE DAS DIFICULTADES E EXPECTATIVAS CARA A INTEGRACIÓN DESTES ALUMNOS A TEMPO TOTAL NA AULA ORDINARIA.

INTRODUCCIÓN

Hai feitos que nos fan reflexionar sobre cuestións que damos por sentadas e case por inamovibles. Que veñan catro alumnos chineses a "perturbar" a nosa acomodación pedagóxica supón botarlle area ás engranaxes desa acomodación. Pero ten de positivo a posibilidade dunha ollada diferente para as mesmas cousas. Con distinta perspectiva reflexionamos sobre algo máis que a simple inmersión lingüística dos alumnos inmigrantes.

A lectura, hoxe en día, representa un coñecemento clave e unha necesidade en todas as culturas. O proceso de adquisición é bastante laborioso. Máis laborioso aínda é se téis que ler -e escribir- nunha lingua que non é a túa e cuns símbolos que descoñeces totalmente. A adquisición do proceso lector-escritor xerou na actualidade numerosas investigacións; menos numerosas se este proceso se produce nunha lingua que non é a materna e moitísimo menos se a lingua de acollida é o español e por extensión outra lingua latina calquera como o galego. Neste caso hai intentos de extrapolar os achados desas investigacións que só son aplicables no mundo anglosaxón.

O ENSINO DUNHA LINGUA COMA O CHINÉS É UN PROCESO LONGO, PERO MOI GRATIFICANTE

Polo que respecta à escritura -invento cultural relativamente recente- supuxo un gran cambio ao permitir a representación das experiencias e coñecementos da Humanidade. Estes sistemas de representación, ás veces, son moi complexos. Podemos agrupalos en tres grandes familias: Sistemas logográficos, sistemas silábicos e sistemas alfabéticos. Os primeiros representan ideas ou

palabras (a escritura do antigo Exipto ou o chinés actual), nos segundos a grafía representa unha sílaba (caso do xaponés) e nos alfabéticos os símbolos representan sons (este último sistema consegue ser máis eficaz na medida de que se pode establecer unha correspondencia entre a representación e o son recoñecible por todos os membros dunha comunidade).

E non só na lectura e a escritura senón as linguas a nivel fonolóxico son moi diferentes entre si. Imos aquí a tomar en consideración esas diferenzas e darlle un fundamento pedagóxico ao labor que desenvolvimos. O ensino dunha lingua como o chinés fonética, morfosintáctica e graficamente moi diferente é un proceso longo, pero moi gratificante desde a perspectiva pedagóxica e do planeamento didáctico.

PECULIARIDADES DO ESPAÑOL

A transparencia.- As linguas alfabéticas establecen unha correspondencia entre a representación gráfica e o son e existen unhas regras de conversión entre o fonema e o grafema (en adiante RCF/G). Canto menos excepcións existan a estas regras maior será o grao de transparencia. Hai linguas alfabéticas como o inglés de especial dificultade e que no son equiparables aos idiomas ibéricos que é o que aquí nos interesa. Como exemplo abonda con pensar como se pronuncia o "i" en "first", "print" ou "pie".

Posibilidade de lectura analítica.-A abundancia de palabras polisilábicas (non ocorre no chinés no que predominan as palabras monosilábicas e bisilábicas) e de palabras derivadas mediante sufixos convidanos a realizar unha lectura analítica para a que, e moi útil a existencia de poucas excepcións nas regras de conversión de grafemas en fonemas (RCG/F).

A segmentación.- O lector de español segmenta as palabras en sílabas. A investigación en inglés e a súa valoración no mundo levou a equiparar os procesos seguidos neste idioma a outros sen ningún rigor nin consistencia científica (Del Campo:2002). En inglés estas cousas non están tan claras.

Principio alfabético.-Todo lector ou escritor do español sabe que as letras representan sons.

PECULIARIDADES DO CHINÉS

En China hai uns sesenta dialectos inintelixibles entre eles. Aquí cando falamos de chinés falamos do chinés mandarín ou pequinés (Chámano putonghua: a lingua común). Expoño algunhas das características do chinés para telas en conta e comprender a dificultade que supón para estes alumnos a aprendizaxe do español ou doutra lingua occidental.

O chinés é unha lingua tonal.- Na mesma sílaba pode haber catro tons diferentes máis un neutro (podemos considerar por iso que hai cinco). Enténdese por ton variación de ton musical, non de intensidade do son. O ton é un elemento distintivo ou diacrítico. Un ton diferente na mesma sílaba pode ter significados diferentes e, mesmo, contrarios (ex.: mǎi: comprar, mài: vender).

Estructura silábica e fonética.- É moi fácil, o chinés rexeita as consoantes agrupadas e finais a excepción da nasal velar e da nasal alveolar. As palabras son bisilábicas ou monosilábicas. Os alumnos chineses teñen moita dificultade na distinción dalgúns sons sonoros ou xordos; así confunden tanto ao codificar como ao descodificar as seguintes diadas b,v/p; t/d e c,k,qu/g. É sabido por ser causa, ás veces, de caricatura o problema coas vibrantes líquidas (r/l).

O verbo.-Os chineses non conxugan os verbos. Utilizan unha serie de marcadores léxicos para conseguir este propósito. Para os alumnos chineses supoñen un verdadeiro suplicio aprender os verbos en español.

Orden das palabras.- A disposición normal é Suxeito + complementos + Verbos e tamén colocan o adxectivo diante do verbo.

PROCESO SEGUIDO. FASES

¿E que se fai cando chegan estes alumnos por primeira vez a un centro? Eles non saben nada de español e ti non sabes nada de chinés. Neste caso

o departamento de Orientación aconsellou que estes alumnos (agora son catro) fosen co profesor de apoio (especialista en pedagogía terapéutica) ata que desenvolvesen unhas habelencias axeitadas para comunicarse e seguir o ensino no seu grupo de referencia. Isto vai acontecendo paulatinamente nun proceso, afortunadamente, moi gratificante para todos. ¿E o primeiro día? Pois despois das presentación e do coñecementos de compañeiros e das dependencias do centro faise o seguinte:

Adestramento oral dalgún vocabulario básico e necesario para o desenvolvemento da aprendizaxe (lapis, libro, folio, mesa, aquí, alí,...). Para aprender o vocabulario móstrase a realidade, se é posible, débúxase no encerado ou utilízase o dicionario de imaxes.

Adestramento oral utilizando estruturas do tipo "Eu son.....Ti es....." "O meu nome é....." É moi importante estimular a estes alumnos para que falen, pois son remisos a facelo e tampouco debemos esquecer no noso caso que son adolescentes e teñen vergonza de non podelo facer ben.

Identificación do abecedario. Os números xa os coñecen porque en China ademais dos caracteres chineses para os números utilizan tamén os arábigos.

Iniciación á lectoescritura. É moi conveniente un proceso unitario. Optase por métodos silábicos que segundo as últimas investigacións son os máis axeitados para o español. É moi importante remarcar a sílaba para o que podemos axudarnos dun golpe na mesa. Preséntase a palabra e a súa lectura nunha secuencia sintético-analítico-sintética. Esta secuencia é moi útil que se faga seguindo o método da lectura en sombra que consiste en: 1º) modelar o son, 2º) lectura simultánea do alumno cun lector experto (pode ser o profesor ou un compañeiro español) e 3º) lectura autónoma. Para iso rendabilizamos ao máximo a transparencia do español e apoiámonos na sílaba.

Desenvolvemento da conciencia fonolóxica en español. Entendendo esta como a habelencia para identificar os fonemas que compoñen unha palabra e a secuencia e a estrutura do idioma.

O MATERIAL A LER OU A ESCRIBIR DEBE SER SIGNIFICATIVO

Despois de, e se pode ser "ao mesmo tempo que" de conseguir unha lectura mecánica débese procurar unha lectura comprensiva o antes posible para que a aprendizaxe lle resulte significativa para o que nos serviremos da letra impresa a que a cotío estamos expostos a ela (folletos, xornais, carteis,...).

Instrución indirecta do vocabulario. Segundo as últimas investigacións a instrución directa do vocabulario é bastante menos eficaz que a indirecta. Así que procuraremos o seu dominio mediante a lectura e a través de tópicos a traballar tanto oralmente como por escrito. Estes poden ser: "No colexio", "No baño", "Na rúa", "Na biblioteca"e aproveitar para aprender o vocabulario do campo semántico deses tópicos. (Hai no mercado dicionarios de imaxes moi aproveitables para este fin).

Instrución de vocabulario específico. Con isto que anteriormente consideramos o alumno só aprende vocabulario xeral, pero tamén necesita aprender vocabulario específico das distintas materias obxecto de estudo no seu plano corespondente segundo o nivel o curso onde se atope, polo que convén inicialos neste vocabulario específico das distintas materias (ecuación, pirámide de idades, Idade de Pedra, ...). Isto non se fai nas primeiras fases porque nese momento é máis necesario, obviamente, un vocabulario básico.

Outras cousas que damos por sabidas e que non o son e que, por iso, estes alumnos as teñen que aprender. Quero dicir con isto que pensamos, quizáis porque estamos afeitos a velo desde sempre, que no mundo faise todo como o facemos nós, non sexamos tan pretenciosos. Por exemplo un alumno chinés non utiliza para facer a división a clásica caixa coa súa disposición de dividendo,

divisor, cociente,... Non, faino doutro xeito. Para eles todo isto é obxecto de nova aprendizaxe.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Para todas estes obxectivos desenvóléronse as seguintes actividades. A algunhas fáiselles algún comentario.

Presentación oral dos alumnos/as e do profesor.

Expresión oral de sentimentos e necesidades.

"¿Podo ir ao servizo"? "Necesito un lapis"

Uso social do español. "Boa tarde" "Podería dicirme..." Estimular todo o posible esta faceta que é onde os alumnos atopan máis dificultades.

Uso de estruturas lingüísticas comúns. "Isto está diante de...", "Eu estou sentado e ti ...", "O libro está enriba de..., e o lapis está..."

Relatar oralmente acontecementos da vida cotiá.

Identificar o abecedario.

Escritura. Non é necesario ningún tipo de pauta.

Pódese ver a conveniencia nos primeiros momentos. Estes alumnos acadan gran pericia na reprodución dos nosos símbolos.

Identificar os sons do español mediante autoditados e ditados. A meta debe ser a adquisición dun alto grao de conciencia fonolóxica. Primeiro ditado de palabras e despois de frases. Faise paralelamente aos novos grafemas e fonemas introducidos.

Afacer o ouvido á distinción entre xordas e sonoras mediante dictado discriminativo de palabras que conteñan eses fonemas. Exercicios logopédicos nese senso.

Iniciar en actividades de composición escrita.

Dous obxectivos: a) Aprender a reproducir os sons de xeito autónomo en dúas fases: 1º) Primeiro cando as regras de conversión (RCF/G e RCG/F) se poden facer de maneira biunívoca, e 2º) cando esas regras son dependentes do contexto (en español o fonema /k/ pode ser representado por "c", "q" ou "k" e o fonema /x/ pode ser representado por "g" ou "j". E b) adentrarse na escritura productiva **con valor comunicativo** e pragmático.

Actividades de vocabulario e de coñecemento das estruturas a través de tópicos. Esta actividade é moi interesante e moi produtiva. Utilízase o dicionario de imaxes ou cartaces. Tamén se utiliza a lectura comprensiva.

Xeralización do vocabulario e de estratexias de aprendizaxe exportables a outros eidos e ás distintas materias nunha fase posterior. Hai no mercado material axeitado baseado nas técnicas de enriquecemento instrumental (Feurstein), pero en novas edicións máis agradables e mellor pensadas. É de gran utilidade para comezar a "pensar en español"

METODOLOXÍA

Na aprendizaxe da lectura e da escritura por estes alumnos dunha lingua alfabética é de grandísima importancia o coñecemento fonolóxico e o auto-control metacognitivo que ten o propio alumno de todo o proceso. Este coñecemento que se dá en chamar conciencia fonolóxica consiste na análise e descomposición das estruturas da linguaxe. Este proceso pasa por varias fases. E aínda que aquí se refíren ao caso dun alumno escolarizado na súa lingua materna podemos resumilas segundo F. Cuetos (1994) en:

Ensinos de palabras polo método global para que o alumno teña conciencia do valor da linguaxe escrita.

Ensinos das regras de conversión. Primeiro vocais. Segundo consoantes invariantes frecuentes (p, m,...). Terceiro consoantes invariantes menos frecuentes (j, ñ). Despois consoantes dependentes do contexto (g, gu,...); grupos consoánticos. Trabállase o son non o nome da letra.

Exercicios de recoñecemento das palabras máis comúns.

Ensinos, no noso caso reaprendizaxe, das claves do procesamento sintáctico (puntuacións, interrogacións,...).

Todo tipo de actividades centradas no melloramento da comprensión lectora.

Segundo as propostas do construtivismo sociohistórico de Vigotsky e a perspectiva de sociocultural de Bruner tratamos de contextualizar a aprendizaxe que levamos a cabo do seguinte xeito:

O ensino da lectura e da escritura en calquera lingua significa representar o que o alumno ou os outros queren dicir. O material a ler ou a escribir

CANDO ABORDEMOS O ENSINO DA LECTOES- CRITURA SEGUIMOS UN MODELO NATURAL, QUE POR NATURAL RESULTARÁ EFICAZ

debe ser significativo. No noso caso -alumnos adolescentes- tivemos que esbotar material por ser demasiado infantil.

Non son alumnos pequenos, polo que non debemos preocuparnos por facerlles ver a función simbólica da linguaxe, si en troques por facerlles ver que o español (ou o galego) é unha lingua alfabética e no logográfica como o chinés. Este particular aínda que poida parecer difícil non resulta así na práctica.

A función pragmática da linguaxe é a que máis valorarán estes alumnos. É polo que debemos procurar que a aprendizaxe da lingua lle resulte para solucionar problemas que lle produce a súa vida de inmigrante (solicitar axudas, cubrir impresos, comunicarse para desenvolver o seu futuro traballo,...) A linguaxe literaria complicada -as metáforas, a linguaxe figurada, as composicións retóricas- debe quedar para un estadio posterior.

A construción social que se fai da linguaxe polos alumnos necesitan dunha mediación (da nosa). Procuremos que esa interacción sexa agradable.

En toda aprendizaxe é de moita importancia o contexto sociocultural. Fagamos aos alumnos partícipes deste contexto. Procuremos a súa integración inmediata e fomentemos a aprendizaxe entre pares (cos outros compañeiros no inmigrantes). Axudémoslles, porque haberá casos en que eles non saberán como (recordemos que veñen doura cultura).

Cando abordemos o ensino da lectoescritura seguimos un modelo natural, que por natural resultará eficaz. Pásase dunha lectura menos

reflexiva a outra caracterizada por unha serie de habilidades e procesos produtivos para a aprendizaxe. Estes van desde a comprensión literal do texto ata relacionar este cos coñecementos previos e poder chegar a unha comprensión total e a produción de inferencias.

A secuencia que seguimos é esta (en moitos casos ademais de natural e eficaz tamén é intuitiva):

Identificación de grafemas.
 Relación dos grafemas cos sons.
 Identificación de palabras.
 Identificacións de proposicións.
 Asignación semántica a palabras e proposicións.
 Identificación do discurso.
 Uso e relación do coñecemento previo.
 Comprensión do discurso e da súa estrutura.
 Relacións das proposicións entre si.
 Comprensión do propósito ou intención do autor do texto. Capacidade de síntese.
 Capacidade de producir inferencias explícitas e implícitas.
 Adquisición de novas esquemas cognitivos.

DIFICULTADES E EXPECTATIVAS

Cando chegamos a realizar todo isto, antes pasamos por pequenas dificultades como:

A limitación da capacidade procesadora dalgún alumno debida á escaseza de coñecementos previos, a unha deficiente automatización dos procesos que estamos realizando ou á propia dificultade que supón o ensino-aprendizaxe do español. Isto non contén elementos diferenciadores o que podería pasar con alumnos españois porque formaría parte da diversidade dos aprendices e do seu xeito de aprender, pero convén ter en conta esta continxencia para non botarlle a culpa a quen non a ten.

As expectativas limitadas que poden ter algúns destes alumnos sobre a súa aprendizaxe. "Eu só quero aprender español para ser camareira ou dependente".

A inadecuación ou escasez de medios para a aprendizaxe destes alumnos/as. Ás veces cunha pouca de imaxinación xa está solucionado o problema.

Pero a limitación máis importante é non ter claro o que queremos facer. É necesario un control exhaustivo do proceso lectoescritor, das habilidades despregadas na fala e da aprendizaxe xeral do alumno. Para todo isto habería que:

Determinar a profundidade dos coñecementos previos dos alumnos. Determinar a competencia curricular destes alumnos tendo a barreira idiomática polo medio é moi difícil, pero debemos pospoñelo o menor tempo posible.

A definición exacta de todos os obxectivos que levamos a cabo.

Detección pronta de dificultades e imprevistos. Para este cometido é moito máis axeitado analizar os procesos antes que os resultados. Comprender por que todos os alumnos confunden o "t" co "d" ou por que todos eles manteñen unha pelexa constante co tempo, o número e a persoa dos verbos levou ao autor deste traballo non a non penalizar estes erros senón a desculpalos e comprendelos e a interesarse polas características do idioma chinés.

Flexibilizar, ampliar e avaliar a efectividade de todo tipo de estratexias.

Avaliar os resultados logrados dentro da máis pura concepción da avaliación formativa, sobre todo cando o profesor é inexperto no ensino do español a alumnos chineses.

Na actualidade estes alumnos vanse incorporando ao seu grupo de referencia e cando acabe este curso non necesitarán apoio para o ensino do español. No vindeiro curso poderán seguir as clases e se todos axudamos conseguimos a súa integración plena.

BIBLIOGRAFÍA:

- BRUNING, R.H. et al. *Psicología cognitiva e instrucción*. Alianza Editorial. Madrid. 2002
 DEL CAMPO, M.E. (Coord). *Dificultades en el aprendizaje*. Sanz y Torres. Madrid. 2002
 GENTO, S. (Coord). *Educación Especial*. Sanz y Torres. Madrid. 2003
 KALLAHAN, D.P. et al. *Dificultades en el aprendizaje*. Anaya. Madrid. 1985
 MARCO, C. *Esquemas del chino*. Palas Atenea. Madrid. 1999